

Nada en Southport (Australia) en 1982, **Sarah Holland-Batt** é poeta, crítica e editora literaria. Medrou en Australia e nos EE.UU., e residiu tamén en Italia e no Xapón. Licenciada pola Universidade australiana de Queensland, conta cun Máster en Lingua Inglesa e con outro en Poesía pola Universidade de Nova York, este grazas á bolsa W.G. Walker Memorial Fulbright. Outras residencias que teñen impulsado a súa produción poética foron as das colonias Yaddo e MacDowell, a bolsa de viaxe Marten Bequest, e residencias como as de Asialink, Hawthornden, e a do Consello de Australia en Roma.

O seu primeiro libro de poesía, *Aria* (2008), recibiu varios premios literarios como o Anne Elder, o Judit Wright de Poesía e o Thomas Shapcott, ademais de ser finalista aos galardóns New South Wales e Queensland Premier, e recomendado para “Libro poético do ano” por *The Age*.

No pasado ano publicouse o seu segundo poemario, *The Hazards [Os riscos]* (2015). Ademais, poemas seus viron a luz en numerosos xornais e revistas, incluíndo *The New Yorker*, *Poetry*, *Slate*, *Agenda* e moitas outras, e foron traducidos a linguas coma o holandés, español, sueco e indonesio.

Escribiu tamén relatos curtos que foron incluídos en *The Best Australian Stories* 2011 e 2012. Fixo parte do consello editorial de *New Directions* e de *Atria Books*, dúas editoriais neoiorquinas. Hoxe reside en Brisbane, onde traballa como profesora e coordinadora do Máster en Escrita Creativa da Universidade Tecnolóxica de Queensland, mentres exerce como editora de poesía para a revista *Island*.

#### **MEDUSA**

*Sempre adorei a vida translúcida,  
as concetricidades  
florecedo ao meu redor  
nunha onda-anel de nervios.*

*Se deixo que a miña sombra se lle amarre,  
o que queira que sexa a alma  
ínchase coma seda inflada.*

*Agulla a agulla, vértome a chorro  
nas raiolas dun luar subacuático,  
ascendendo pura e velenosa  
nunha deriva de neve mariña.*

*Nada pendura tan baleiro.*

*Olla como a miña mente patina,  
clara e va mentres derrete xeo.*

*Contráese co pulso dun corazón:  
egoísta, egoísta.*

*Esvaro salvaxe, aguilloante lámpada de araña,  
un cerebro arrastrando as súas ortigas  
a través da ondada anemone  
e bosques enteiros de rixidas algas.*

*A malicia, nun arrouto, faime remuíños.*

*Coñezo ese fulgor, esa razón implacable.*

*E eu hei de flotar e florecer  
en temporada.*



## (SARAH HOLLAND-BATT)

Luns **29** de febreiro  
20:30

ÁGORA

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

## POETAS DI(N)VERSOS



*Sarah Holland-Batt*



Viguesa do 79, **Ledicia Costas** debutou no ano 1999 cunha novela escrita en plena adolescencia, *Unha estrela no vento*. Dende entón, transitou entre o relato, a poesía e a novela, quedando algo máis a un lado a súa carreira na avogacía. Defensora da difusión de literatura infantil e xuvenil galega, é unha das coordinadoras da *Revista Criaturas*, publicación dixital especializada neste xénero: [www.criaturas.gal](http://www.criaturas.gal).

Como narradora ten publicadas as seguintes obras: *O corazón de Xúpiter* (2012), *Recinto Gris* (2014), *Escarlatina, a cocineira defunta* (2014), *Inmundicia e Roñoso* (2015) e *Un animal chamado néboa* (2015). O primeiro deles levou os premios da Asociación Galega de Editores e mais da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega á mellor obra de literatura infantil e xuvenil, o segundo foi incluído na Lista de Obras recomendadas para persoas con discapacidades do Centro IBBY (*International Board on Books for Young People*) e o terceiro acadou o Premio Merlín de Literatura Infantil, o Premio Fervenzas Literarias ao mellor libro do seu xénero, o Premio Xosé Neira Vilas da Asociación Galega de Editores, entrou na Lista de Honra do IBBY 2015-2016 e, ademais, mereceu o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Por último, a súa obra inédita *Jules Verne e a vida secreta das Femmes Plante* vén de ser galardoada co Premio Lazarillo, convocado pola OEPLI e o Ministerio de Educación

Como poeta, ademais do poemario individual *Xardín de inverno* (2012), a súa obra está recollida nun bo número de revistas e publicacións colectivas, ademais de formar parte do colectivo "Poetas da Hostia" e participar nunha chea de recitais poéticos por toda Galicia.

#### EN ROUPA INTERIOR

*turrei da infancia ata arrincarlle a pel a tiras. só quería espila, deixala en roupa interior, peitearlle as entrañas e logo condenala a morte*

*chameille puta cen veces cando eu vendía o rodo da miña saia, regalaba os volantes de encaixe e expoñía os monstros nun museo coa entrada de balde*

*vin o cemento parindo, as flores rebentando nas gretas, a vella casa onde a bisavoa construí portas do tamaño das súas cadeiras. os xaropes, os tarros de boticario, as tarteiras con remaches, o acordeón fanado*

*pasei todas as escenas nun cinexin que fervía con embustes de cafeteira contra as paredes enfermas de lepra, ata que toda a vida saíu por fóra*

*negueina mentres se desangraba no empedrado, sobre a mariola*

*pero se hai algo incorruptíbel é ese sendeiro libre, esa casa co sobrado en lapas. esa horta a corazón aberto, que me acolle sempre que necesito volver*



(LEDICIA COSTAS)

Luns **29** de febreiro  
20:30

ÁGORA  
[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

POETAS  
DI(N)VERSOS



*Ledicia Costas*

